



COMARCA DE LUGO > **Lugo**

Inauguran no campus a Rede de Calor con Biomasa


Redacción | Nós Diario

A USC puxo en marcha onte a nova Rede de Calor con Biomasa do Campus de Lugo, unha infraestrutura enerxética que permitirá abastecer de calefacción e auga quente sanitaria a nove complexos universitarios e que reducirá máis de dous millóns de quilogramos de emisións de CO2 ao ano.

A execución da Rede de Calor con Biomasa supuxo un investimento superior aos catro millóns de euros. O proxecto contou con financiamento procedente da primeira convoca-

toria de axudas para redes de calor e frío alimentadas por enerxías renovábeis, enmarcada no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiada pola Unión Europea a través dos fondos Next Generation EU.

A actuación converte o campus nun referente no uso de enerxías renovábeis para usos térmicos e forma parte da estratexia de transición enerxética impulsada pola institución académica. A nova rede evitará aproximadamente 93,75% das emisións asociadas actualmente á calefacción dos edificios.



1. Castroverde
2. O Corgo
3. Friol
4. Guntín
5. Lugo
6. Outeiro de Rei
7. Portomarín
8. Rábade